


Bouvard e Pécuchet

Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos

Entre a parodia, a metanovela e a crítica social



In vino veritas

Francisco Castro

Galaxia, Vigo, 2011, 380 páxs.

Francisco Castro ofrécenos para ler neste verán unha novela que, en principio, parodia o xénero policial, mais tamén resulta unha reflexión, non sen unha boa dose de ironía, sobre o propio proceso de escritura do relato, e, para que nada falte, achégase á crítica dun dos fenómenos máis rechamantes do noso tempo: o telelixo.

A novela iníciase cun exercicio metanarrativo en que o autor implícito imaxina como escribiría o encontro entre un home e unha muller que se atraen no ámbito dunha elegante cóctel nun exclusivo club financeiro. Ao longo de toda a novela, este autor implícito vai ir explicando os resortes que emprega para escribir unha novela policial, mesmo recorrendo ás citas de Chandler.

Mais, ao mesmo tempo que este proceso metanarrativo, a novela ofrece, ao xeito da novela policial clásica, unha historia en que é básico o suspense. A novela parte do feito da desaparición dun importante bodegueiro e figura do mundo económico da cidade. O suspense créase por que o lector non sabe se o detective privado Xulio Míguez encontrará ou non o industrial desaparecido. No desenlace, atopamos un feixe de asasinatos, entre eles o do desaparecido.

Castro constrúe o seu detective privado, Xulio Míguez, seguindo os preceptos da literatura policial. Mais parodiándoos ou ata esperpentizándoos. Sabido é que o detective, desde Holmes, se caracteriza por ter unha manía especial que o singulariza (no caso de Holmes, por exemplo, o seu virtuosismo co violín). Xulio posúe esta característica do detective clásico, que é a súa capacidade para catar viños, mais, realmente, é un catador horrible, como ben amosa o seu amigo o forense Campos. Tamén se caracteriza o detective pola súa perspicacia, cousa que non lle acontece a Xulio, pois moitas veces ten que ser o autor implícito o que lle di en que debe fixarse ou como debe interpretar as pistas e indicios, pois non está a comportarse como un verdadeiro detective-protagonista de novela. Ata no desenlace ten que ser a asasina a que lle explique as motivacións dos seus crimes. Por outra parte, non ten nada do sabuxo desenganado ao que nos ten afeitos a novela policial moderna, pois en relación coa xornalista Marta pórtase cun romanticismo máis propio dun colexial ca dun detective de serie negra.

Outra das características da novela policial a partir sobre todo da serie negra norteamericana dos Hammett ou Chandler, é que este subxénero de novela se converte nunha ferramenta de crítica da sociedade capitalista. A fe, que a novela de Castro cumpre con este carácter ao analizar a influencia da televisión e especialmente do chamado telelixo sobre a nosa sociedade. Por outra banda, ao non agochar nunca o papel do narrador ou autor implícito, que non só discorre sobre as características que debe ter a novela policial, senón que tamén actúa como un ensaísta ácido sobre as características dunha sociedade entretida e dominada polo telelixo, potencia este papel de crítica do devandito telelixo.

O ser un dos personaxes principais do texto unha afamada xornalista-presentadora de televisión vaille permitir, como xa vimos, ao autor facer unha reflexión ácida, chea de humorismo e ata de esperpento, sobre o chamado telelixo, mais tamén realiza Castro un prodixioso exercicio lingüístico ao parodiar á linguaxe propia deste xornalismo (a xuntanza en que o conselleiro delegado da cadea suspende o programa de Marta e neste sentido unha pequena marabilla estilística) e mesmo a kinésica ou repertorio xestual de presentadores e participantes nos devanditos programas do telelixo. A capacidade para empregar o adxectivo de xeito irónico e humorístico tamén é notable.

Abonde como mostra o que di dunha modelo das que adoitan saír neste tipo de programas: *rotunda, pneumática, curvilínea, oronda, cárnica* (páx. 23). Esta capacidade lingüística leva a que o narrador mesmo propoña un neoloxismo auténticamente galego para substituír o calco do castelán *telelixo: prensa porca* (páx. 148).

Como acontece nas novelas policiais os personaxes e feitos teñen moito de tópico. Así acontece coa xornalista televisiva Marta, coa asasina Carolina Vilabranca, co forense Campos ou incluso coa historia amoroso sádico-masquista que provoca os feitos. En certo xeito, estes feitos e tanto asasinato no remate parecen desmesurados, mais esta desmesura convenlle ao ton paródico do relato e ao propósito de desenmascarar o telelixo, pois o devandito desenlace podemos entendelo como unha historia máis de telelixo, onde o que importa é ante todo o sensacionalismo e o de menos é que sexa verdade ou simplemente verosímil.

En canto á lingua, ao lado de castelanismos ocasionais (*cadalso, averiguar, goce* –como substantivo-, *averiguar, cubo* no canto de *caldeiro...*), chaman a atención o cheísmo, o teísmo e mais o lleísmo, que abundan máis do debido: *non lle escandalizaban aquelas mensaxes* (páx. 29), *téñoche dominado* (páx. 66), *faríache moi feliz* (páx. 138)... Así mesmo, ao xeito do castelán, empréganse como pronominais verbos que en galego non admiten este uso: *vou ter que tomarme outro vaso de viño* (páx. 62), *el cubriuse a cara* (páx. 87)... Por ultracorrección ou hiperenxebrismo úsase *coma* no canto de *como*: *coma fixera un par de horas antes* (páx. 40).

Xa que logo, novela que cómpre ler e na que hai que salientar o seu carácter metanarrativo e mesmo irónico sobre un xénero tan de actualidade como é o da novela policial. É de destacar así mesmo á crítica que se fai a unha sociedade entretida e dominada polo telelixo, que Castro propón, de xeito moi acertado, denominar *prensa porca*. Por outra parte, a súa riqueza lingüística (lembramos a parodia extraordinaria que se realiza da linguaxe dos medios televisivos, entre outras) faina tamén merecedora dunha atención detida.

Manuel Rodríguez Alonso

sábado, xullo 23rd, 2011 en 10:35